

MEMORIA DE ACTIVIDADES DA A.C. ARUMES DO CORGO E CEC (2025)

PRESENTACIÓN DO NÚMERO 11 DA REVISTA CORGA

O sábado, 29 de marzo, presentouse no Punto de Atención á Lectura do Corgo o número 11 da revista Corga que contaba cos seguintes traballos:



- Carlos Álvarez Quiroga: “Un exemplo da conflictividade pola terra no Corgo de principios do século XVIII”.
- Óscar González Murado: “O estado das igrexas do antigo arciprestado de Maestrescolía (1764-1765) (A-Fo)”.
- Carlos Álvarez Quiroga, Tamara Fuentes Sánchez e Alberto Martín Monge: “Entre o estigma e a aceptación: maternidade ilexítima nas parroquias do Corgo (s. XVIII-XIX)”.
- Adrián Flores Vázquez: “Ángel Ignacio Silva (1749-1829). Un escultor monfortino nas Terras do Corgo”.
- Mario Outeiro Iglesias: “Os pombais do Corgo”.



No acto, presentáronse os traballos da revista, as medallas aos novos socios e repartiuse un exemplar de agasallo a cada un dos asistentes.

VÍA KÜNIG

Ao longo do 2025 un grupo de socios e socias da A.C. Arumes do Corgo decidiron facer en días soltos a Vía Künig dende Ferrarías do

Valcarce (Bierzo) ata Santiago de Compostela, co fin de reivindicar este itinerario histórico de peregrinación e que nun futuro chegue a ser un camiño oficial de Santiago.



XV ENCONTRO DE ASOCIACIÓNS

O sábado 31 de maio de 2025 celebrouse a XV Xuntanza de Asociacións, no que participaron 110 persoas pertencentes a Asociación Cultural Arcas de Sarria, Agrupación Instructiva de Redes-

Caamouco (Ares), Asociación Andaina A Canteira do Puntal de Neda, Asociación de Amigos do Patrimonio de Castrolverde e a Asociación Cultural Arumes do Corgo, exercendo de anfitrión este ano a Asociación de Amigos do Patrimonio de Castrolverde.



Esta asociación organizou unha ruta polo Camiño Primitivo de 9 km dende o alto da Vacariza ata Castroverde, con paradas explicativas na capela do Carme, na igrexa e pazo de Vilabade, no muíño de Lamela en Rodinso e na Fortaleza

de Castroverde. Despois do xantar puidemos gozar cun concerto do grupo Son de Corda e a presentación do libro “Brunilda e Brunildo”, da autora de Castroverde Ánxela Gracián.



Fotos publicadas en <https://amigosdopatrimoniodecastroverde.gal/?s=Xv+encontro+de+asociaci%C3%B3ns+>

LAMBISCADAS CIENTÍFICAS

O 1 de outubro tivemos un relatorio titulado “As velutinas e nós” a cargo da doutora María Ferreira Golpe. A conferencia levouse a cabo no

Punto de Atención á Lectura do Corgo dentro do programa Lambiscadas Científicas promovido por Xuvenciencia co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a FECYT.



XIX CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

O sábado, 20 de decembro, no Punto de Atención á Lectura do Corgo celebrouse a entrega de premios do XIX Certame Literario “Terras de Chamoso”. Os premiados desta edición foron:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

1º premio: deserto.

2º premio: deserto.

Modalidade: relato

1º premio: Álex Veites Freire, de Salceda de Caselas (Pontevedra), pola obra “Doutor de xoguetes”.

2º premio: Lucas Ferreiro Sánchez, de Cabreiros (O Corgo), pola obra “E ti de quen vés sendo?”.

Accésit: Sarela Ouro Viana, de Chantada, pola obra “Memorias dunha tartaruga mariña”.

Premio “A Legua Dereita”: Claudia Berraquero Balboa, de Folgoso do Courel, pola obra “Miguel e o apalpador”.



CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: Paula Reija Folgueira, de Castroverde, pola obra “Voces loitadoras”.

2º premio: Aisha Rodríguez Porto, de Chantada, pola obra “Quen son?”.

Modalidade: relato

1º premio: Irene López Lago, de Seoane do Courel (Folgoso do Courel), pola obra “Cartas de amor”.

2º premio: María Crespo Vázquez, de Chantada, pola obra “Samaín ou realidade?”.

Rochi Novoa y Miguel Ángel Casariego se imponen en el XIX Terras de Chamoso

► El certamen literario, organizado por Arumes do Corgo, también premiò las mejores obras infantiles y juveniles

R.L.

LUGO. Rosa María, 'Rochi', Nóvoa y Miguel Ángel Casariego fueron los ganadores en la categoría de adultos del XIX Terras de Chamoso, certamen literario convocado por la Asociación Cultural Arumes do Corgo. La autora de Xunqueira de Ambía (Ourense) obtuvo el pri-

mer premio de poesía por 'Cando a luz viña camiñando', mientras que el escritor fozeño se alzò con el galardón en relato por 'Cadaleito'. Los segundos premios recayeron en Carla Tilve Corbacho, por 'Despois de ser filla', y en Sonia Corral Franco, por 'Terroros nocturnos'.

La entrega de premios a los ganadores de las distintas categorías se celebrò ayer en el Punto de Atención à Lectura do Corgo (Palco). Así, en la categoría juvenil, los primeros premios fueron para Paula Reixa Folgueira por 'Voces loitadoras', en poesía, e Irene López Lago, por su obra 'Cartas de amor',



Una de las actuaciones, durante la entrega de premios. (P)

en relato. En infantil, los dos primeros premios en poesía quedaron desiertos y los galardones en relato fueron para Alex Veites Freire, por 'Doutor de xoguetes', y Lucas Ferreiro Sánchez por 'E ti de quen vés sendo?'. Sarela Ouro Viana, por 'Memorias dunha tartaruga mariña', tuvo un accésit, y el premio A Legua Dereita fue para Claudia Berraquero Balboa por 'Miguel e o apalpador'.

El jurado —que agradeció la colaboración de Ainhoa Sanco-med López y el asesoramiento de Manuel Fernández López y Chelo Vázquez Castro en las categorías infantil y juvenil— estuvo integrado por Xurxo José Rodríguez Lozano, Xosé Manuel Castro Castedo, Patricia Torrado Queiruga, Xosé Manuel do Castro y Ana Belén Corbacho, actuando como secretario, sin derecho a voto, Mario Outeiro Iglesias.

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

- 1º premio: Rosa María (Rochi) Nóvoa Vázquez, de Xunqueira de Ambía (Ourense), pola obra "Cando a luz viña camiñando".
- 2º premio: Carla Tilve Corbacho, de Xeve (Pontevedra), pola obra "Despois de ser filla".

Modalidade: relato

- 1º premio: Miguel Ángel Casariego Paz, de Cangas (Foz), pola obra "Cadaleito".
- 2º premio: Sonia Corral Franco, de San Sadurniño (A Coruña), pola obra "Terroros nocturnos".